



FACULTADE DE FILOLOXÍA



---

# Boletín 21

17 de febreiro – 21 de febreiro

---

Concerto  
conmemorativo  
**50 anos da  
Facultade  
de Filoloxía.**

# Scripta manent, verba volant.

Concerto  
conmemorativo  
**50 anos da  
Facultade  
de Filoloxía.**

26 de febreiro, 19:00 h.  
Auditorio de Galicia

## Scripta manent, verba volant

Na irredutíbel claridade deste soño,  
pasamos, e pasan sobre nós, as horas  
a ler palabras vivas de poetas mortos.

Mortos á súa vez sobre outras vidas  
desvividas nas palabras que, sen fin,  
son por eles, para nós, modos de empeño.

Vivemos, mais morrendo de poetas  
que soñamos vivir sempre  
minutos de áuga eterna.

Pero mais unha vez estas palabras,  
este soño que se escapa, fica e segue,  
é o sangue do poeta condenado  
ao traballo de dar vida á súa morte.



O himno "scripta manent, verba volant"  
foi composto para esta ocasión por  
Xurxo Souto, sobre este poema de Luiza  
Vilalta (do seu libro "Música reservada").

## Programa do concerto:

HIMNO "SCRIPTA MANENT, VERBA VOLANT"

PAULIÑA "Carolina"

CÉSAR MORÁN "Poème"

ELADIO SANTOS "Non quero perderte"

ALBA MARÍA (intervención regueifeira)

FILOLOGOS DE ATAQUE ESCAMPE

Samuel Solleiro, Miguel Mosqueira, Álex Charlón

NOEMI BASANTA "Xota e muiñeira de Toutón"

XURXO SOUTO "Gaiteiro"

LAURA LAMONTAGNE "Berros de sangue"

PROJECTO MOURENTE "Quando vás a Portugal"

SUSANA DE LORENZO "Rosa de abril"

LEO DE MATAMÁ "Venceremos nós"

UXÍA "O Carro"

ALFREDO DOURADO (A Roda) "Miudiño" e "Pousa, pousa"

ANTÓN REIXA "Galicia canibal"

Todos os artistas: "SCRIPTA MANENT, VERBA VOLANT"

Acompañamento musical e arranxos: ORQUESTRA BRAVŮ XANGAI

# Actividades



**TÍTULO:** Exposición «Iconografía artística de José Ángel Valente (1955-2024)»

**DESTINATARIAS:** Comunidade universitaria

**ORGANIZACIÓN:** Decanato da Facultade de Filoloxía, Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética

**CONTACTO:** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal), [catedra.valente@usc.gal](mailto:catedra.valente@usc.gal)

**DATAS:** Do 4 de febreiro ao 31 de marzo

**LUGAR:** Facultade de Filoloxía. 1.º andar

**DESCRICIÓN:** Ao longo da súa vida, e incluso despois do seu falecemento, o poeta, narrador, ensaísta e tradutor galego José Ángel Valente (Ourense, 1929-Xenebra, 2000) foi retratado en diversas ocasións e baixo distintas técnicas artísticas (pintura, debuxo, caricatura). Esta exposición é unha pequena mostra dese material que se conserva na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética, dirixida por Claudio Rodríguez Fer e creada tras o nombramento do poeta como doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela en 1999, durante o reitorado de Darío Villanueva.





---

# Actividades Culturais

**TÍTULO:** Presentación do libro *O latín, como 'divinas palabras', na vida e na obra de Álvaro Cunqueiro* de Xesús Alonso Montero

**DESTINATARIAS:** Profesorado e estudantado

**ORGANIZACIÓN:** Grupo de Investigación Estudos Clásicos e Medievais

**CONTACTO:** [jose.carracedo@usc.es](mailto:jose.carracedo@usc.es)

**DATAS:** mércores 26 de febreiro de 2025

**LUGAR:** Sala de Graos da Facultade de Filoloxía

**HORA:** 12.00 h

**DESCRICIÓN:** Acto de lembranza de Álvaro Cunqueiro na semana do aniversario da súa morte, no que intervirán Xesús Alonso Montero, Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo Cuba e Xosé Carracedo Fraga, e que terá como elemento principal a presentación do libro arriba mencionado..

O latín, como "divinas palabras",  
na vida e na obra de Álvaro Cunqueiro



Xesús Alonso Montero

---

## **Actividades/Informacións académicas**

---

Aberta a convocatoria do **Programa de Titores/as** para o Estudiantado matriculado en estudos de grao para o Curso Académico 2024/2025.

O prazo vai **do 13 de febreiro ao 24 de febreiro** de 2025. Para os graos de Filoloxía hai 20 prazas.

Velaquí a ligazón: [Convocatoria Programa Titores/as](#)

Animádevos a participar como titores/as colaborando en distintas actividades da USC, como na acollida ao estudiantado de novo ingreso ou nas actividades que organiza o Programa A Ponte. Ademais a **avaliación positiva** da realización das actividades do programa dará **dereito ao recoñecemento de 6 créditos ECTS**.

Máis información en:

Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC"

Universidade de Santiago de Compostela

Tlf. 881814576

<http://www.usc.gal/aponte>

---

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** Congreso Internacional 1950-2010: Seis décadas de literatura e sociedade en Galiza

**ORGANIZACIÓN:** Instituto da Lingua Galega

**CONTACTO:** [congreso.literatura.sociedade@usc.gal](mailto:congreso.literatura.sociedade@usc.gal)

**DATAS:** 19-20 de xuño, 2025

**LUGAR:** Facultade de Filoloxía

**PÁXINA WEB:** <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/congreso-internacional-literatura-sociedade>


## DESCRICIÓN:

Aberto ata o **28 de febreiro** de 2025 o prazo para o **envío de propostas**.

Conferencias plenarias confirmadas: Antón Figueroa (profesor xubilado da Universidade de Santiago de Compostela), Tristan Leperlier (Marie Skłodowska-Curie Fellow — CNRS), Isaac Lourido (Universidade da Coruña), Ana Luna (Universidade de Vigo) e Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela).

CONGRESO  
INTERNACIONAL  
**1950-2010:**  
SEIS DÉCADAS  
DE LITERATURA  
E SOCIEDADE  
EN GALIZA

19-20 DE XUÑO DE 2025,  
FACULTADE DE  
FILOLOXÍA (USC)



ilg | Instituto  
da Lingua  
Galega

USC  
FACULTADE DE FILOLOXÍA

XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CONECTA, UNIV. SANTIAGO  
FORMACIÓN PROFESIONAL

GOVERNAMENTO DE GALICIA  
GOVERNMENT OF GALICIA

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** Inscripcións para a obtención do certificado de coñecementos en lingua catalá 2025

**DESTINATARIAS:** Estudiantes de lingua e literatura catalás e calquera persoa interesada en acreditar os seus coñecementos en lingua català

**ORGANIZACIÓN:** Área de Filoloxía Catalá, Departamento de Filoloxía Galega, Institut Ramon Llull

**CONTACTO:** [rosa.olle@usc.es](mailto:rosa.olle@usc.es)

**DATAS:** Do 11 de febreiro ao 4 de marzo de 2025

**LUGAR:** En liña

**PÁXINA WEB:** [www.llull.cat/certificats](http://www.llull.cat/certificats)

## DESCRINCIÓN:

Abertas as inscricións para a certificación en coñecementos de catalán. Os exames serán nos meses de abril e maio de 2025 en función do nivel desexado.



**CERTIFICA ELS TEUS CONEIXEMENTS EN LLENGUA CATALANA**

**Primera convocatòria 2025**

|                             |            |
|-----------------------------|------------|
| Nivell bàsic (A2):          | 10.05.2025 |
| Nivell elemental (B1):      | 10.05.2025 |
| Nivell intermedi (B2):      | 26.04.2025 |
| Nivell de suficiència (C1): | 24.05.2025 |
| Nivell superior (C2):       | 26.04.2025 |

**LLUL** institut ramon llull → Inscripcions en línia de l'11 de febrer al 4 de març [www.llull.cat/certificats](http://www.llull.cat/certificats)



# Actividades/Informacións académicas

## OBRADOIROS PARA TFG/TFM



### PROGRAMA E DESCRICIÓN DOS OBRADOIROS

Os obradoiros están abertos a todo o estudiantado da Facultade na sala B10. Evento de apertura: Martes, 25.02.2025, 16.00h.

|                     | Martes, 25.02.2025                                                                  | Mércores, 26.02.2025                                                                                                            | Xoves, 27.02.2025                                                                                               |
|---------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 16.00<br>-<br>16.45 | Xulio César Sousa Fernández<br><br><i>Autoría e plaxio nos traballos académicos</i> | Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy<br><br><i>Redacción académica en francés: estratexias de argumentación, cohesión e estilo</i> | María Teresa Sanmarco Bande<br><br><i>Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico I</i>  |
| 17.00<br>-<br>17.45 | Manuel Negri<br><br><i>Valorar a bibliografía co (e no) medio dixital</i>           | Cristina Mourón Figueroa<br><br><i>O principio do fin ou como 'finiquitar' o TFG: dándolles voltas ás conclusións</i>           | María Teresa Sanmarco Bande<br><br><i>Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico II</i> |

|                     |                                                                                                                        |                                                                                                            |  |
|---------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| 18.00<br>-<br>18.45 | Jorge Fernández Avilés<br><br><i>Recursos e ferramentas para a análise lingüística baseada en corpus I: LancesBox*</i> | José Virgilio García Trabazo<br><br><i>Lingüística Indoeuropea: etimoloxía, comparación, reconstrución</i> |  |
| 19.00<br>-<br>19:45 | Iván Arias Arias<br><br><i>Recursos e ferramentas para a análise lingüística baseada en corpus II: Sketch Engine*</i>  |                                                                                                            |  |

\*Para estes obradoiros rógase levar un computador portátil.

Organización: R. Marta Gómez Pato (gomez.pato@usc.gal). Decanato da Facultade de Filoloxía



# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** Chamada a contribucións das IV Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura e a Cultura 2025

**ORGANIZACIÓN:** Estudantes do Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura

**CONTACTO:** [xornadasusc2025@gmail.com](mailto:xornadasusc2025@gmail.com)

**DATAS:** 19, 20 e 21 de marzo de 2025

**LUGAR:** Auditorio e Salón de graos da Facultade de Filoloxía

**HORARIO:** Por determinar

**DESTINATARIAS:** Comunidade da facultade

**LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL:**

[https://www.instagram.com/xiiielc\\_usc/?hl=es](https://www.instagram.com/xiiielc_usc/?hl=es) + [https://x.com/xiiielc\\_usc](https://x.com/xiiielc_usc)

**DESCRICIÓN:** As IV Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura e a Cultura (IV XIIIIELC) pretenden promover a difusión do labor investigador levado a cabo polo estudiantado de doutoramento e mestrado en estudos da literatura e a cultura. Nesta ocasión celebrarse baixo o tema transversal dos “Problemas epistemolóxicos e metodolóxicos”.

A **recepción de propostas** de comunicación oral e póster está aberta **até o 17 de decembro de 2024**. Pode consultarse toda a información nas nosas redes sociais ou [nesta ligazón](#).



---

## Actividades/Informacións académicas

Na páxina web da Facultade de Filoloxía están publicados **vídeos de presentación de materias** que se imparten nos distintos graos e mestrados da Facultade.

Na páxina de inicio pódense atopar baixo a epígrafe "Vídeos informativos de materias" ou directamente en:

[https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOlp3JD37Pd4\\_LDJX](https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOlp3JD37Pd4_LDJX)

---

# ALUMNAS TITORAS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



SARA  
MEI



IRIA  
LIÑARES

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORAS, ENCARGADAS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUCTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE

ESTAMOS NO  
LOCAL DE  
ESTUDANTES!!

TERCEIRO ANDAR (AULAS C) ENTRE OS  
BAÑOS E AS AULAS PEQUENAS



LUNS 11-12:H SARA  
MARTES 11-12H IRIA  
XOVES 11-12H SARA  
VENRES 11-12H IRIA

TAMÉN PODES FALARNOS POLOS CORREDORES  
OU AO NOSO CORREO:

SARAMEI.FERRO@RAI.USC.ES

IRIA.LINARES@RAI.USC.ES






FACULDADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Instagram!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

---

---

# A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc\_filoloxia



@buscfiloloxia